# SEGUIR FACÉNDOO

## CADA DÍA UN POUCO MELLOR



Escoitar, coñecer de preto o que contamos e buscar a forma máis útil de trasladárvolo segue sendo a filosofía de cada número de *Vaca Pinta*. Adaptarnos ás novidades e ás dificultades que van aparecendo polo camiño forma parte dunha actitude que compartimos con tantos profesionais deste sector.

A actualidade sanitaria continúa poñendo a proba esa capacidade de adaptación. A dermatose nodular contaxiosa segue condicionando a celebración de feiras e concursos, mentres o virus Shamonda engade preocupación ao día a día das ganderías. Nestas páxinas abordamos esta ameaza e formulamos en "A debate" esta cuestión: por onde empezar para protexer a granxa? Coñecer os riscos e revisar as nosas prácticas é o primeiro paso para mellorar a prevención.

As dificultades tampouco nos fixeron deixar de percorrer quilómetros. Estivemos en Agropec, onde presentamos e moderamos as mesas redondas das xornadas organizadas por Ascol e Conafe como alternativa á celebración do concurso nacional de frisona, para continuar escoitando profesionais e gandeiros e poñer en común os retos inminentes que se lle presentan ao sector. Ademais, regresamos a SPACE para estar ao día das novidades en automatización, xestión da auga e eficiencia. Volver a Rennes tivo, a maiores, unha parte máis persoal. Botamos de menos amigos e compañeiros que durante anos formaron parte da súa organización e cos que compartimos tantas edicións. As feiras tamén se constrúen con esas relacións, coas persoas que nos reciben e que acaban convertendo unha cita de traballo nun lugar ao que apetece volver.

Dos recintos feirais pasamos a Casa Menor, en Boimorto, a gandería protagonista deste número. A súa historia convídanos a ampliar a mirada sobre un dos asuntos máis repetidos cando falamos do futuro da gandería: a remuda xeracional. Nesta ocasión, a sucesión chega da man dun empregado que asume a xestión da explotación na que levaba anos traballando. Por que non?

Con frecuencia pensamos na remuda como un paso de pais a fillos, pero tamén hai futuro en quen coñece a granxa, demostrou a súa capacidade e quere dar un paso máis. Paga a pena facilitar esas outras vías e darlles visibilidade. Se hai persoas dispostas a seguir, deberiamos procurar que atopen o xeito de facelo.

A continuidade de proxectos así esixe mellorar e seguir aprendendo. As entrevistas con Alberto Allepuz, Jodi Wallace e Javier Camba achegan perspectivas sobre epidemioloxía, recría e peritación de sinistros agrarios. En "O leite", David Céspedes achéganos a outra responsabilidade que sentimos propia, a de explicar con claridade o coñecemento e o valor dos nosos alimentos fronte aos bulos desinformativos que corren polas redes.

Esa conexión entre coñecemento e práctica percorre os contidos de saúde podal, así como os nosos artigos especiais de recría e medio ambiente, este último centrado na análise da xestión das nosas explotacións para facelas máis sostibles, un tema que se aborda "Con lupa" a través do estudo da evolución das emisións de amoníaco no sector nestes últimos vinte anos.

Na gandería, na investigación ou nesta redacción, avanzar require observar o que facemos, incorporar o que resulta útil e corrixir o que pode ser máis eficaz. Con esa disposición preparamos este número e esperamos que a súa lectura vos axude tamén a seguir facendo o voso traballo cada día un pouco mellor.



# XXIII XORNADAS TÉCNICAS DE VACÚN DE LEITE

**12 e 13 de novembro de 2026**

FACULTADE DE VETERINARIA DE LUGO

## XOVES 12

**10:00 h** INAUGURACIÓN

**10:30 h** — Patrocina: Boehringer Ingelheim




**Valoración do descanso mediante criterios de benestar animal**

**Rebeca Morales Bertolo**

*Servizo de Calidade do Leite de Seragro SCG*

**11:00 h** — Patrocina: BouMatic



**Como conseguir un pavimento que combine tracción, confort e saúde podal**


**Javier Sáez Mateos**

*Gandeiro e podólogo bovino. Socio e vogal da Asociación Profesional de Podoloxía Bovina (APPB)*

QUENDA DE PREGUNTAS

**11:40 h** PAUSA DO CAFÉ — Por xentileza de: SERAGRO

**12:10 h** — Patrocina: CALIER



**Fertilidade dos touros: o que sabemos ata o de agora**

**Mayra Elena Ortiz D'Ávila Assumpção**

*Profesora do Departamento de Reprodución Animal da Facultade de Medicina Veterinaria e Zootecnia da Universidade de São Paulo (O Brasil)*

QUENDA DE PREGUNTAS

**12:40 h** — Patrocina: adial Feed Additives



**Impacto da conservación do silo de millo na sostibilidade da granxa**

**Álex Udina Bonet**

*Veterinario e director técnico de Adial*

**13:10 h** — Patrocina: XESGA



**Solo, auga e nutrientes: sostibilidade do cultivo do millo en Galicia**


**Francisco Morell Soler**

*Consultor independente en xestión de solos, fertilización, nutrición de cultivos e rega*

QUENDA DE PREGUNTAS

**14:00 h** XANTAR — Por cortesía de: SERAGRO

**16:00 h** — Patrocina: ADM



**Cando a eficiencia reduce emisións e aumenta beneficios. A pegada de carbono non é o que che contaron**

**Sara Hontoria Moneo**

*Veterinaria de vacún de leite en Calidad Pascual*

**16:30 h** — Patrocina: CAMPONOVO, syngenta



**Pegada de nitróxeno reactivo como estratexia One Health nas granxas de leite**

**Gregorio Salcedo Díaz**

*Investigador especializado en nutrición animal e sostibilidade en vacún de leite*

**17:00 h** — Patrocina: PROGANDO



**Novas estratexias para a gandería leiteira galega: eficiencia, rendibilidade e menor impacto ambiental**

**Adolfo Álvarez Aranguiz**

*Investigador de Wageningen University & Research (Países Baixos)*

QUENDA DE PREGUNTAS

**18:00 h** ENCONTRO GANDEIRO — Patrocina: Elanco

## VENRES 13

**11:00 h** — Patrocina: ALIVIRA



**Bioseguridade práctica: como optimizar a prevención da entrada de enfermidades nas explotacións**

**Alberto Allepuz Palau**

*Profesor titular do Departamento de Sanidade e Anatomía Animais da Universitat Autònoma de Barcelona*

QUENDA DE PREGUNTAS

**11:30 h** — Patrocina: CAIXA RURAL GALEGA



**Agricultura rexenerativa e gandería leiteira**


**Adolfo Álvarez Aranguiz**

*Investigador de Wageningen University & Research (Países Baixos)*

QUENDA DE PREGUNTAS

**12:15 h** PAUSA DO CAFÉ — Por cortesía de: SERAGRO

**12:45 h** — Patrocina: Ceva



**Avances e perspectivas na produción de embrións bovinos**

**Mayra Elena Ortiz D'Ávila Assumpção**

*Profesora do Departamento de Reprodución Animal da Facultade de Medicina Veterinaria e Zootecnia da Universidade de São Paulo (O Brasil)*

**13:15 h** — Patrocina: +DISTRIGEN



**Mellora xenética para optimizar a rendibilidade dos rabaños a través da eficiencia alimentaria**

**Pablo Juan Ross**

*Director científico de STgenetics (Texas, EE. UU.)*

QUENDA DE PREGUNTAS

**14:00 h** XANTAR — Por xentileza de: SERAGRO

**16:00 h** — Patrocina: Ecuphar An Animalcare Company



**Gandería e territorio: tradición e innovación**

**Lucía López Sobrado**

*Veterinaria e gandeira. Socia de Gandería Puluan - Lácteos Ribeira Sacra (Monforte de Lemos, Lugo)*

**16:30 h** — Patrocina: MSD Animal Health



**Tecnificación, xestión de equipo e sostibilidade máis alá dos tópicos**

**Pelayo Méndez Martínez**

*Graduado en Enxeñería Agrícola e do Medio Rural, e socio de Ganadería El Dios SC (El Franco, Asturias)*

**CHARLA MAXISTRAL**

**17:00 h** — Patrocina: zoetis



**Do pasado campesiño á aldea do século XXI**

**Jaime Izquierdo Vallina**

*Funcionario público, escritor e excomisionado para o Reto Demográfico do Goberno de Asturias*

QUENDA DE PREGUNTAS

**18:00 h** CLAUSURA E BRINDE DO LEITE — Patrocina: FRIC, NUZOA

**Jaime Izquierdo Vallina**

*Funcionario público, escritor e excomisionado para o Reto Demográfico do Goberno de Asturias*

www.xornadasseragro.com